



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MANUEL MOLDES PARA A POSTA EN MARCHA DA FUNDACIÓN E A EXPOSICIÓN INAUGURAL DE OBRAS DO ARTISTA MANUEL MOLDES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Manuel Moldes o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Manuel Moldes para a posta en marcha da Fundación e a exposición inaugural das obras do artista Manuel Moldes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades por canto é a Fundación Manuel Moldes segundo consta nos seus estatutos, a que ten entre os seus obxectivos conservar, reunir, investigar, restaurar, difundir e estudar a obra e figura de Manuel Moldes e mais do seu legado. Estas tarefas inclúen tamén contribuír á localización e catalogación da obra do artista e reunir o seu patrimonio bibliográfico e documental.

Por todo o anterior é a Fundación Manuel Moldes a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

